



*Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa
Schneider Electric España, S.A., para a creación dun Aula Tecnolóxica IoT Schneider
Electric no CIFP As Mercedes*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa empresa Schneider Electric España, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Schneider Electric España, S.A. para o desenvolvemento dun conxunto de iniciativas no ámbito das ensinanzas de formación profesional, especialmente nas familias de electricidade e electrónica e de instalación e mantemento, concretamente a creación dun Aula Tecnolóxica IoT Schneider Electric no CIFP As Mercedes, de Lugo.

Para iso, Schneider Electric España, S.A. participa cunha cesión inicial de material industrial, en concreto nas áreas de domótica, distribución eléctrica e automatización industrial, para a súa utilización como material de apoio na formación que se realizará na Aula Tecnolóxica IoT Schneider Electric. O importe de dita dotación é de 66.945,68€. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria porá a disposición no CIFP As Mercedes un local apropiado para a Aula Tecnolóxica IoT Schneider Electric, que se identificará cun cartel indicando Aula Tecnolóxica IoT Schneider Electric con logotipo da empresa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





- No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda a) e c) contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

A Consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. A colaboración formalizarase mediante convenio.

- Que as partes asinantes están dispostas a colaborar para a creación da Aula Tecnológica IoT Schneider Electric no CIFP As Mercedes para a formación do alumnado e profesorado nestas tecnoloxías punteiras de Schneider, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector produtivo, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

